



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 16 DE MARZO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO. EXCMO. SR.
D. ANXO QUINTANA GONZÁLEZ**

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se nomean representantes da Comunidade Autónoma de Galicia na Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado-Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza un suplemento de crédito, por importe 5.079.940,56 euros para o Programa Bolsas de Aluguer.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se valida o convenio de colaboración asinado entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e o Concello de Mugardos, para a construción de beirarrúas na estrada AC-133, treito Mugardos –O Rilo, con data do 20 de xuño de 2005.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara o proxecto gasoducto Mugardos-Betanzos-Abegondo-Sabón (tramos I e II) e ramal da Central de Meirama, (concellos de Cabanas, Pontedeume, Vilarmajor, Miño, Paderne, Betanzos, Coirós, Oza dos Ríos, Abegondo, Carral, Cerceda, Culleredo e Arteixo (A Coruña), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.



CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, para a realización do Programa de Investigación Histórica sobre a represión en Galicia: “As vítimas, os nomes, as voces e os lugares”, 1ª fase.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Guitiriz para a realización das obras de reparación e consolidación da Ponte de San Alberte.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de autorización de gasto relativo á contratación, pola Consellería de Sanidade, dun matadoiro para a súa configuración como centro integral e exclusivo de control de risco das encefalites esponxiformes transmisibles dos animais en Galicia, por un importe de nove millóns cincocentos sete mil douscentos noventa e sete euros con noventa e catro céntimos (9.507.297,94 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba o expediente polo cal se determina o réxime de financiamento das obras do proxecto de construción dun punto limpo, no Concello de Vedra (A Coruña), por importe de cento oitenta e nove mil seiscentos noventa euros con oitenta e seis céntimos (189.699,86 euros), cun financiamento do 100% a cargo da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Vivenda e Solo para a modificación dos estatutos do Consorcio do Casco Vello de Vigo creado a través do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo, o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca.



INFORMES

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as axudas ás industrias agroalimentarias en Galicia destinadas á mellora da promoción, comercialización e transformación de produtos agrarios e agroalimentarios galegos.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Informe sobre as convocatorias de subvencións á produción audiovisual da Consellería de Cultura e Deporte.



A COMISIÓN MIXTA DE TRANSFERENCIAS RESOLVERÁ O TRASPASO A GALICIA DE 36,1 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR A SANIDADE

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o nomeamento dos representantes da Comunidade nesta comisión, que se reunirá o martes despois de dous anos*

O Goberno galego, na súa xuntanza desta mañá, autorizou o nomeamento dos representantes da Comunidade Autónoma na Comisión Mixta de Transferencias entre a Administración do Estado e a Xunta. Despois de dous anos, desde febreiro de 2004 cando tivo lugar a última reunión, a Comisión retomará a súa actividade o próximo martes día 21. Esta xuntanza ten xa un punto fixo xa na orde do día, o traspaso de 36,1 millóns de euros a Galicia para o financiamento da sanidade, fondos que son resultado do acordo acadado na última Conferencia de Presidentes.

En virtude da proposta asinada hoxe polo Goberno galego, o vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, será vicepresidente desta comisión, que terá entre os seus vogais os conselleiros de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio; Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón; Sanidade, María José Rubio; Pesca e Asuntos Marítimos, Carmen Gallego, e Traballo, Ricardo Varela. Como vogais estarán tamén a Secretaria Xeral da Igualdade da Vicepresidencia, Carme Adán, e un representante de cada un dos grupos políticos do Parlamento galego. Actuará como secretario da Comisión por parte da Administración Autonómica o secretario xeral e de Relacións Institucionais, Antón Losada.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ PRETO DE 493.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA ENTRE MUGARDOS E RILO

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 492.688 euros na construción de beirarrúas na estrada AC-133, no treito entre Mugardos e Rilo.

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello de Mugardos para executar as citadas obras que, ademais de beirarrúas, contarán con iluminación, canalización de pluviais, servizos e sinalización viaria. Deste xeito mellórase a seguridade de circulación nun treito de estrada que discorre por zonas de asentamentos dispersos densamente poboados, e que actualmente está desprovista de zonas para unha circulación peonil segura ou para a parada eventual de vehículos.

Esta obra, que terá un prazo de execución de cinco meses, enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de mellorar a rede viaria de Galicia de xeito que se lles proporcione aos usuarios unha condución máis cómoda e segura, se facilite o acceso aos distintos equipamentos e se fomenta un desenvolvemento harmónico.

No que atinxe ao Concello de Mugardos, este encargárase de poñer á disposición da Consellería os terreos necesarios para acometer as obras. Ademais, unha vez finalizada a construción das beirarrúas, o Concello asumirá a explotación, mantemento e conservación das zonas non dedicadas á circulación de vehículos.



O CONSELLO DA XUNTA DECLARA DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL O PROXECTO DO GASODUTO MUGARDOS-BETANZOS-ABEGONDO-SABÓN E O SEU RAMAL Á CENTRAL DE MEIRAMA

- *O gasoduto conectará a planta regasificadora de Mugardos coas futuras centrais de ciclo combinado de Meirama e Sabón*
- *O acordo do Consello afecta os concellos de Cabanas, Pontedeume, Vilarmajor, Miño, Paderne, Betanzos, Coirós, Oza dos Ríos, Abegondo, Carral, Cerceda, Culleredo e Arteixo*

O Consello da Xunta acordou hoxe, por proposta da Consellería de Innovación e Industria, a declaración do proxecto do gasoduto Mugardos-Betanzos-Abegondo-Sabón e ramal á Central de Meirama como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal. A decisión tomada hoxe polo Consello afecta os concellos de Cabanas, Pontedeume, Vilarmajor, Miño, Paderne, Betanzos, Coirós, Oza dos Ríos, Abegondo, Carral, Cerceda, Culleredo e Arteixo.

Este acordo vén xustificado pola transcendencia desta infraestrutura, que permitirá reforzar a rede básica de gasodutos do noroeste, diversificar a orixe de subministración de gas natural, así como impulsar o funcionamento de novas centrais eléctricas de ciclo combinado, de importancia estratéxica no desenvolvemento enerxético e económico do país. Así, este gasoduto conectará a planta de regasificación de Mugardos coas futuras centrais de ciclo combinado situadas en Meirama e Sabón e coa rede básica de gasodutos, concretamente co gasoduto Tui-Vilalba-Llanera no termo municipal de Abegondo.

O proxecto, promovido por Reganosa, suporá un investimento total de 20.249.860 euros. O trazado do gasoduto, que discorre na súa totalidade pola provincia da Coruña, conta con dous tramos e un ramal á central de ciclo combinado de Meirama. O primeiro tramo, cunha lonxitude total de 30.066 metros, atravesa os concellos de Cabanas, Pontedeume, Vilarmajor, Miño, Paderne, Betanzos, Coirós, Oza dos Ríos e Abegondo, e conta cunha estación en Abegondo onde se conectará co gasoduto Tui-Vilalba-Llanera, pertencente á rede básica de Enagás. O segundo tramo, de 40.583 metros de lonxitude, atravesa os concellos de Abegondo, Carral, Cerceda, Culleredo e Arteixo. O ramal á central de ciclo combinado de Meirama afecta no seu percorrido os termos municipais de Carral e Cerceda.



MEDIO RURAL DESTINARÁ 32,5 MILLÓNS DE EUROS A AXUDAS DIRIXIDAS ÁS INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS GALEGAS

- *O departamento que dirixe Alfredo Suárez Canal estableceu unha liña de axudas destinada á mellora da promoción, comercialización e transformación dos produtos agroalimentarios galegos que podería beneficiar máis de 320 empresas.*
- *A principal novidade céntrase na priorización das industrias que cumpran os acordos de compravenda cos produtores, así como daquelas que opten pola actividade ecolóxica ou que operen nas zonas menos desenvolvidas do país.*

A Consellería do Medio Rural informou hoxe ao Consello da Xunta sobre dúas novas convocatorias de axudas dirixidas ás empresas do sector agroalimentario que operan en Galicia. A primeira delas ten unha dotación orzamentaria de 31 millóns de euros e vai dirixida a apoiar os investimentos que realicen este tipo de industrias co fin de mellorar o proceso de transformación e de comercialización dos seus produtos. A medida podería beneficiar preto de 200 entidades do sector.

O departamento que dirixe Alfredo Suárez Canal considera que o mantemento dunha industria agroalimentaria potente permite rendibilizar ao máximo o valor engadido das producións e facilita o seu acceso tanto ao mercado interno como externo. Ademais, a implantación de proxectos empresariais no medio rural que contribúan a pechar o ciclo da cadea alimentaria e a viabilizar as explotacións agrarias existentes supón unha fórmula idónea para fixar poboación e crear emprego e riqueza neste ámbito.

É por isto que a Consellería considera importante establecer distintas medidas de apoio económico aos investimentos realizados por estas entidades en materia de construcións, instalacións e equipamentos. Estas axudas introducen un cambio importante de enfoque respecto ás establecidas en anos anteriores, xa que pretenden apoiar especialmente as industrias que garantan un beneficio para os produtores de base galegos, ben mediante a súa participación directa na industria como titulares das explotacións ou socios de cooperativas, ou ben mediante a existencia dunha relación contractual coas industrias establecida sobre a base de subscribir contratos escritos ou acordos de carácter sectorial relativos ás condicións de compravenda dos produtos. Así mesmo, terán especial prioridade os investimentos en materia de agricultura ecolóxica e os realizados nas zonas menos desenvolvidas de Galicia que contribúan a beneficiar as explotacións xa existentes.

Promoción e mellora da comercialización

O departamento de Medio Rural convocará tamén axudas para as industrias que realicen tarefas de promoción de produtos agroalimentarios co fin de abrir novos mercados e mellorar a súa comercialización. A partida de 1,5 millóns de euros vai dirixida, especificamente, a fomentar a asistencia a certames comerciais, a



contratación de estudos de mercado e de asistencias técnicas, así como a contratación e formación de persoal especializado.

Con este orzamento a Consellería pretende apoiar especialmente as industrias que transformen ou comercialicen produtos procedentes de explotacións agrarias galegas e, en particular, daquelas que teñan titularidade cooperativa. Así mesmo, tamén se priorizarán as empresas que establezan contratos estables por escrito co sector relativos as condicións de compravenda de produtos negociadas previamente entre os representantes dos produtores e as propias industrias, ademais daquelas que comercialicen alimentos de agricultura ecolóxica.

Neste caso, o departamento de Medio Rural considera que esta liña de axudas beneficiará preto de 120 industrias agroalimentarias.



APROBADO O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E AS UNIVERSIDADES GALEGAS PARA UN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A REPRESIÓN EN GALICIA

- ***O programa de investigación histórica, que dirixirá o catedrático Lourenzo Fernández Prieto, chámase “As vítimas, os nomes, as voces e os lugares. 1ª fase”***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e as universidades de Santiago, Vigo e A Coruña para a realización do programa de investigación histórica sobre a represión en Galicia, “As vítimas, os nomes, as voces e os lugares. 1ª Fase”. O financiamento deste programa suporá un importe de 21.725 euros, con cargo ás partidas orzamentarias de 2006 e 2007.

En virtude deste acordo as universidades comprométense a desenvolver un programa de traballo de investigación realizado por un equipo de investigadores dirixidos polo profesor Lourenzo Fernández Prieto, que terán como prazo a realización do traballo ata o 31 de decembro de 2006.

Este convenio insírese dentro das actividades programadas por mor do Ano da Memoria, que ten como un dos seus obxectivos elaborar un inventario das vítimas da represión en Galicia. As pesquisas realizaranse nos arquivos militares, xa que existen unhas 25.000 causas sobre o tema, nos arquivos civís, onde se poden atopar os ‘paseados’, e tamén nos rexistros dos cárceres.

Así mesmo, faranse traballos para recuperar a memoria oral, con entrevistas para recoller información de testemuñas aínda vivas da represión, que achegarán información complementaria á dos arquivos.



A CONSELLERÍA DE CULTURA INVESTIRÁ 180.000 EUROS EN REPARAR A PONTE DE SAN ALBERTE, EN GUITIRIZ

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Cultura e o Concello de Guitiriz*

A Consellería de Cultura e Deporte actuará para reparar e consolidar a ponte medieval de San Alberte, en Guitiriz. Este departamento prevé investir algo máis de 182.000 euros a través dun convenio de colaboración co Concello que sera asinado proximamente, despois de que o Consello da Xunta autorizase hoxe a súa sinatura.

A Consellería de Cultura comprométese a contratar a totalidade das obras, a redacción do proxecto de execución, a dirección facultativa das obras e a coordinación en materia de seguridade e saúde. Cultura investirá neste ano 2006 algo máis de 91.000 euros e outro tanto o vindeiro ano. Pola súa banda o Concello comprométese a xestionar as licenzas das obras e a autorizar a plena e libre dispoñibilidade do monumento.

O obxectivo é reparar e consolidar a ponte, que data dos séculos XIV e XV e que forma parte do patrimonio histórico e cultural galego suxeito a protección pola Consellería de Cultura e Deporte.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 189.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE VEDRA

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá este ano 189.699 euros na construción dun punto limpo no concello coruñés de Vedra. O financiamento deste recinto foi aprobado na reunión do Consello da Xunta que tivo lugar esta mañá. A actuación inclúese dentro do programa de rexeneración de espazos degradados incluído no plan xeral de xestión de residuos sólidos urbanos de Galicia, promovido desde a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

O punto de limpo de Vedra situarase no lugar de Fornelos, nunha parcela que ocupa unha extensión de 1.800 metros cadrados. Neste recinto colocaranse contedores para a reciclaxe e recollida de aceites, pilas, baterías de coches, disolventes, pinturas, plásticos, vidro e outros residuos producidos no ámbito domiciliario. As obras terán un prazo de execución de tres meses unha vez iniciadas.



A XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO

A Xunta aprobou a modificación dos estatutos do Consorcio do Casco Vello de Vigo de forma que se elevan de tres a catro o número de representantes de cada un dos entes que forman parte do Consorcio. Estes entes son o IGVS, dependente da Consellería de Vivenda e Solo, o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca.

Por outra banda, a modificación afecta tamén o réxime orzamentario do consorcio, considerado como un ente local, polo que pasará a axustarse á normativa reguladora das facendas das entidades locais en lugar de á Lei xeral orzamentaria.

Os estatutos do Consorcio do Casco Vello de Vigo foron asinados o 3 de febreiro de 2005.



A XUNTA AUTORIZA UN SUPLEMENTO DE CRÉDITO DE 5 MILLÓNS DE EUROS PARA SUFRAGAR NO 2006 OS CONTRATOS PENDENTES DA *BOLSA DE ALUGUEIRO*

O Consello da Xunta vén de autorizar un suplemento de crédito de 5.079.940 € para financiar os contratos pendentes da *Bolsa de Alugueiro*. Con esta partida suplementaria farase fronte aos contratos asinados nos exercicios 2004 e 2005 que foron prorrogados ata abril de 2006, e tamén aos que quedaron pendentes de asinar no 2005 e que se asinarán este mes de marzo de 2006. En total a partida aprobada hoxe cubrirá as axudas de 2.688 contratos, ademais das subvencións solicitadas por 200 propietarios no exercicio 2005 para rehabilitación das vivendas a alugar.

O Consello da Xunta tamén autorizou unha partida de 1.117.639 € para financiar os contratos da *Bolsa de Alugueiro* que rematarán ao longo do 2007.